

De conformidade co disposto no punto quinto, apartado segundo, das Bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019.

É a vista do escrito, co número de rexistro 58878, presentado polo membro suplente do secretario do tribunal, José Ramón de la Fuente Rodríguez, no que alega que ten realizado tarefas de preparación de aspirantes para esta praza, polo que solicita a abstención de participar na composición do antedito tribunal e que se proceda a designación doutra persoa, de acordo co estipulado na base 5.2 da convocatoria.

RESOLVO:

1º.- Aceptar a solicitude de José Ramón de la Fuente Rodríguez e nomear no seu lugar como membro do tribunal suplente cualificador das probas selectivas para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, á persoa que figura a continuación:

Secretario: Martín Nercellas Méndez

2º.- Comunicarlle esta resolución ao servizo de Persoal e Réxime Interior e aos interesados e publicala na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

O Presidente



Miguel Ángel Santalices Vieira